

UN COMEZO DE CURSO “SEN PROBLEMAS”

O curso 2008-09 despediuse nun contexto de crispación por mor do proceso de “consulta ás familias sobre as preferencias lingüísticas”, executado pola Consellería de Educación na última semana do curso, e con indicios evidentes de que se estaban preparando recortes importantes en dotacións de recursos humanos e materiais no marco do ensino público.

Chegamos a este novo curso logo dun verán no que fomos tendo constancia de como algúns agoiros se cumprían inexorablemente. A finais de xullo coñecemos, nesgados, incompletos e sen posibilidade de debate na comunidade educativa, os ansiados resultados da “consulta lingüística”. Soubemos tamén que, no marco desta crise de afogo e restrición, a administración educativa resolvía subvencionar os centros privados que segregan en razón de sexo, contravindo a LOE, e fomos intuindo, malia a opacidade das informacións, que en materia de formación do profesorado se estaba cociñando unha importante mingua na estrutura institucional de apoio á formación no marco dos CFR e nos recursos económicos que a administración educativa lles trasladaba ás entidades que promoven iniciativas de formación permanente do profesorado.

Principiou setembro cunha fervenza de informacións contraditorias, de anuncios sempre corrixidos, sobre distintos asuntos: restricións na dotación de profesorado, nomeadamente de atención ás NEE; supresión de programas educativos relacionados tamén coa atención á diversidade; substitución do sistema de gratuidade universal dos libros de texto polo de gratuidade “solidaria”; problemas na cobertura de prazas de comedor; aprazamento das axudas para o traballo dos equipos de normalización lingüística; sobrecarga do traballo burocrático nos centros

de ensino, especialmente dos que carecen de persoal administrativo, acompañada de acusacións constantes de deslealdade institucional aos equipos directivos... e un longo etcétera.

Nova Escola Galega quere saír ao paso desta situación trasladándolles ao profesorado, á comunidade educativa e á cidadanía no seu conxunto algunhas reflexións sobre este intento de derrubo por acoso da lingua galega e do ensino público iniciado pola administración educativa baixo o paraugas dunha pretendida política de austeridade xustificada na crise económica.

A REITERADA CUESTION LINGÜÍSTICA

Os resultados das “enquisas” cómpre enmarcalos na falta de rigor metodolóxico de todo o proceso de consulta que, se cadra, ten o seu remate na presentación dos datos; non tanto polo que se ofrece, senón máis ben polo que se agocha.

Os resultados dados a coñecer na véspera de agosto polo SXPL, logo de sucesivos aprazamentos, amosan unha imaxe deformadora das preferencias lingüísticas das familias galegas, ao non analizaren convenientemente os datos de participación. Aínda que recoñecen unha máis alta participación na privada, na concertada e logo na pública (por esta orde) non a cuantifican, establecendo porén conclusións xerais que poden estar tremendamente nesgadas pola propia composición da “mostra” estudada. Hai que lembrar aquí que se responderon tantas enquisas como fillos e fillas escolarizados.

- A variable da titularidade do centro é imprescindible para tirarmos calquera

conclusión, dada a heteroxeneidade de situacións que se presentan. Mesmo para establecermos se hai unha porcentaxe elevada dos sectores máis favorables ao inquerito e contrarias ao decreto, que está pexando o resultado global. Son ademais os centros de ensino onde nunca estivo garantido o implemento de ningún decreto, tampouco do anterior do 95.

- Tocante á participación tampouco se analizan datos por concellos ou por áreas rural-urbano, senón exclusivamente por provincias, e desta maneira non hai tratamento sociolingüístico minimamente rigoroso que se poida facer.

- Non se explica en ningures o tratamento das enquisas en branco ou consideradas nulas, e non se ofrece ningunha información cualitativa, malia que o cuestionario incorporou a posibilidade de achegar observacións.

Os resultados globais de participación parecéronlles satisfactorios á administración educativa. Responden globalmente case un 60%. Con todo, e aínda que sexa entrar de cheo no terreo das especulacións, ¿como debemos tomar o 40% que non responde? ¿Pode ter sentido pensar que lles vale o decreto actual? ¿Que non se senten incómodos nin coaccionados pola “situación lingüística” que se presenta no ensino logo da súa publicación?

A participación baixa na secundaria, por factores que teñen que ver coas data de realización da consulta nunha parte; pero... ¿cabería entender que o coñecemento do que ocorre nos diferentes niveis de ensino fai que as familias non sintan tensión porque non perciben de maneira alarmante a falta de competencia en castelán, nin tampouco especiais dificultades para a comprensión do galego?

En definitiva, logo do evidente desgaste que este tema produciu nas comunidades educativas e na proxección sobre a estima do noso idioma, preguntámonos: ¿que conclusións descoñecidas para a sociedade galega e para a administración educativa tiramos da consulta realizada?

Evidentemente ningunha. A través de preguntas simples é imposible descubrir cuestións de complexidade que, ademais, xa foron reiteradamente sinaladas.

Hai estudos suficientes, elaborados con todo o rigor científico, que achegan elementos substantivos para o desenvolvemento das políticas lingüísticas na dirección da protección e desenvolvemento do idioma minorizado. Pero este goberno prefire ignoralos.

Á vista dos resultados ofrecidos, o Secretario Xeral valora que Galicia se reafirma bilingüe, e que hai un importante labor que facer na consolidación da convivencia lingüística porque “o galego aínda non se percibe tan útil como o castelán”.

Ao SXPL débenlle parecer un grande estímulo para a convivencia e para a comprensión da utilidade do galego as accións desenvolvidas polo goberno neste tempo.

Poñer a cuestión dos idiomas a poxa ou como motivo de confrontación nos centros escolares, nun proceso de consulta acientífica, publicado en período electoral e imposto na última semana do curso escolar, sen procurar consenso coa propia comunidade educativa sobre a súa formulación e sen lle dar lugar ao debate, enviando mensaxes coercitivas ás direccións dos centros e ofrecer uns resultados na véspera de agosto, furtando as posibilidades dunha mínima análise sociolingüística ao ocultaren variables básicas para a súa comprensión, nun novo caneo que pretende evitar calquera resposta coordinada desde o ámbito da cidadanía, son todas elas mostras que evidencian os modos e maneiras de entender a convivencia e o consenso por parte dos responsables do goberno.

A maneira en que algúns medios de comunicación ofreceron os resultados (gaña o galego, gaña o castelán) sitúan a cuestión nunha estratexia de competición, na que eles mesmos apoian ao que saben gañador, pero que non tiveron pudor en presentalo como ameazado cando convíña.

Así mesmo, resulta arrepiante que os representantes do goberno, empezando polo



propio Presidente, non expresasen a mínima preocupación por certos datos resultantes desta consulta, esperables obviamente, toda vez que o Mapa sociolingüístico máis recente e outros estudos científicos constatan a perda de galegofalantes especialmente nas cidades.

Con todo, e como ata as consultas á carta de quen as promove poden incorporar algunha sorpresa máis aló do previsible, algúns dos datos de educación infantil constatan que familias castelanfalantes non teñen inconveniente en que nos procesos de aprendizaxe da lectoescritura estea presente a lingua que non é inicial. Obviamente podería interpretarse como un activo para respectar o que o propio decreto de promoción do galego vixente formula. Porén, esta posibilidade xa foi suprimida do decreto que regula o currículo de infantil, contravindo o normal desenvolvemento dos documentos legais vixentes este curso escolar. De xeito paradoxal, neste caso non foi necesario esperar a realización da consulta para tomar decisións.

Valora a consellería a través do seu SXPL a necesidade de revisar os modelos de NL asumidos nos últimos 25 anos... Sen dúbida, e máis aló dos déficits sinalados no seu día, o que se trataría de revisar é xustamente a falta de asunción dos modelos, ensaiados máis sobre o papel que sobre a realidade. Faltou pedagogía para explicar as razóns e vantaxes das medidas de protección e estímulo ao idioma propio. Houbo exceso de "laissez faire", ou de mirar para outro lado disimulando os incumprimentos, e faltaron accións decididas, coñecendo a

progresiva perda de falantes. Entre outras organizacións sociais e como tamén fixeron algunhas institucións, NEG alertou desta situación e propuxo alternativas para a súa superación.

No ámbito sociopolítico e unha vez afastado o PP do camiño do consenso, rachando coa súa propia traxectoria e negando o cumprimento das normas que eles mesmos impulsaron, ábrese a veda contrapoñendo o discurso da liberdade fronte ao da imposición lingüística. O escenario educativo sitúase no foco de atención, desconsiderando os esforzos realizados por boa parte das comunidades educativas a prol da normalización, como é de sentido común e ademais o prescriben as leis. O propio presidente do país entra de cheo na lea e, nunha defensa da liberdade lingüística que parece chegar ao paroxismo, declara que as aulas poden converterse nunha especie de torre de Babel, no que o alumnado podería dirixirse ao profesorado, facer o exame ou estudar por libros de texto en calquera das dúas linguas, indistintamente.

Ninguén que queira falar en serio desta cuestión ignora que, nas condicións sociolingüísticas actuais, esta pedagogía da "anarquía" obrigaría ao sistema educativo a renunciar á consecución dunha competencia suficiente no idioma propio, tal e como prescriben as leis que regulan diferentes aspectos do ensino e da promoción do galego.

Así, mentres remarcan a cultura do esforzo e a autoridade como elementos imprescindibles

para transitar polos camiños da educación, só para o galego somos libres de optar e se abre a man para non cumprir a lei, ou dánselles azos aos que non queiran facelo.

En definitiva, non paga a pena o “esfuerzo” que supón a aprendizaxe en galego... Debemos respectar o “dereito á ignorancia” que promoven algúns, dereito no que moitos políticos están instalados sen pudor ningún, e que se presenta prioritario fronte a calquera obriga legal arredor da protección da lingua e das oportunidades para a súa aprendizaxe, valoración e respecto.

As coincidencias entre o discurso da consellería -ou cando menos o que practica en días alternos- do propio goberno e do partido que o apoia cos grupos máis combativos contra o galego son evidentes.

Nesta liña provoca bochorno que nunha consulta “institucional” e no debate arredor da mesma, a administración empregue como propios os termos usados polos grupos galegóforos. O mínimo que se pode esperar da administración educativa é que respecte a terminoloxía axeitada, para non crear máis confusión.

Obviamente a simplificación das materias do currículo en “troncais” e “outras” de relevancia tan menor que nin sequera se consideran motivo de consulta, reduce unha cuestión complexa e chea de matices a uns niveis primarios, xa superados e, en todo caso, afastados de calquera indicador de calidade do ensino minimamente rigoroso. Retoma para as primeiras etapas educativas a prevalear dunhas materias sobre outras, nun discurso máis propio dunha pedagogía obsoleta e rancia que da pedagogía actual e das propias leis educativas, que sitúan as competencias como eixes curriculares e a globalización como a perspectiva do traballo pedagóxico.

Por este camiño do negacionismo e ao furtarnos para a análise dos resultados da consulta datos imprescindibles de carácter sociolingüístico, pode ser que estimen, como eses mesmos grupos proclaman, que estes coñecementos, ao igual que os pedagóxicos, son perfectamente prescindibles.

Contrasta vivamente con esta situación a reacción encadeada das organizacións representativas dos distintos sectores da comunidade educativa, das asociacións relacionadas co ensino e de practicamente todas as institucións do ámbito cultural, lingüístico ou educativo, construíndo en positivo a argumentación da dignidade.

Está prevista para este outono a discusión do novo decreto do galego. Neste contexto de cambios previsibles anunciouse recentemente por parte da consellería o retraso ou aprazamento ao 2010 das axudas aos proxectos de fomento do uso da lingua galega nos centros educativos poñendo novamente o traballo dos equipos de normalización e dinamización lingüística nun segundo plano. No proceso de “consulta ás familias”, o traballo destes equipos pretendeuse poñer baixo sospeita e agora hai un intento de promover o seu retardo e, en definitiva, de que se estenda o desánimo.

A administración educativa non aforrou na publicidade da enquisa sobre a que pretenden sustentar os recortes para o galego, pero hai que esperar a que dispoñan de cartos para poder traballar sen atrancos a prol da normalización... Desde a perspectiva dunha administración eficiente non se entende cómo un gasto extraordinario, o derivado da consulta, pode encaixar, pero non hai unha reserva de diñeiro que permita cubrir unha convocatoria que ordinariamente se viña facendo e que permite planificar o traballo normalizador nos centros desde o comezo do curso.

LIBROS DE TEXTO

A implantación do programa denominado “de gratuidade solidaria”, baseado nun modelo mixto no que durante tres cursos convivirán as axudas directas ás familias en función do nivel de renda (para o 1º e 3º ciclos da Primaria) e a reutilización dos libros (para o 2º ciclo da Primaria e para os catro niveis da Secundaria Obrigatoria), preséntase como un dos asuntos que máis debate e protestas está xerando, tanto porque a nova modalidade restrinxe o apoio económico da administración a un número moito menor de familias, como porque a súa

deficiente e improvisada operativa trouxo consigo unha importante sobrecarga de traballo, que os equipos directivos dos centros se viron incapaces de realizar ao non dispoñeren en moitos casos de persoal administrativo, producíndose ademais retrasos na percepción das axudas por parte das familias, o que, nalgúns casos imposibilita que o alumnado teña o material necesario xa comezado o curso escolar.

Nova Escola Galega tense pronunciado publicamente en distintas ocasións sobre a cuestión dos libros de texto e outros materiais

que poida elaborar ou adaptar materiais, liberdade e axudas para seleccionar e decidir qué tipoloxías de materiais didácticos precisa.

Consonte con isto, para NEG existen alternativas aos programas de gratuidade presentados ata o momento, de maneira que os propios centros poderían adquirir os recursos didácticos necesarios, adaptados á súa circunstancia curricular, de dispoñeren do imprescindible apoio administrativo e da suficiente autonomía orzamentaria.

Con todo, e á luz da nova situación, algunhas das reflexións formuladas no momento da posta



curriculares, así como sobre as posibles opcións en relación coa súa adquisición e uso. A través dun número desta publicación presentado en setembro do 2005, baixo o título “De libros de texto e gratuidades”, aludíase ao perigo que supón sobredimensionar o libro de texto como o elemento “director do currículo, no canto de ser un material máis ao seu servizo”. Igualmente facíase unha crítica ás prácticas educativas excesivamente seguidoras dos textos escolares, e que porén pasaban por alto a riqueza doutros materiais curriculares imprescindibles nos centros escolares: a prensa, as bibliotecas, a internet ou os materiais elaborados polo profesorado...

Nova Escola Galega mantense na opinión de que é preciso velar pola elaboración e selección de recursos que nos permitan buscar contextos de aprendizaxe máis enriquecedores para o alumnado, e pola necesidade de lle ofrecer ao profesorado espazos, tempos e formación para

en marcha do sistema de gratuidade universal seguen sendo, ao noso entender, pertinentes.

- NEG entende que ten moito sentido considerar factores de compensación social, que ponderen na súa base as diferentes situacións económicas das familias, máxime no contexto actual de crise económica. Ora ben, a pretendida xustiza da medida anunciada terá que se demostrar, posto que co investimento previsto existen dúbidas razoables en relación coas previsións realizadas pola consellería sobre o seu alcance, convertendo os publicados obxectivos de compensación nunha sorte de medida caritativa para “os que máis o necesitan”.

- Como sucedía co programa anterior, e coas dificultades engadidas pola implementación dun novo procedemento, os equipos directivos víronse sometidos a un sobrecarga de traballo na xestión, tendo en conta que a maior parte dos



centros non dispoñen do persoal administrativo necesario, e considerando ademais que o traballo organizativo e pedagóxico, sendo sempre prioritario, resulta esencial neste momento do curso.

- NEG sabe que esta consellería ten amosado unha absoluta falta de sensibilidade cara aos equipos directivos, instando a súa colaboración en momentos do curso e en procesos de pertinencia discutible. Dúas mostras recentes son a súa obrigada responsabilidade no proceso de consulta ás familias, ao remate do curso, e a súa implicación neste novo procedemento de gratuidade. Neste caso ademais, e nun xesto inédito pola súa prepotencia, a negativa de moitas direccións a involucrarse foi contestada pola consellería responsabilizándoas directamente dos atrasos na percepción das axudas por parte das familias.

Cómpre que os responsables da consellería fagan algunha reflexión sobre a súa propia actuación cando pretenden recuperar o discurso sobre a autoridade do profesorado e, de xeito paradoxal, non respectan o seu traballo, irrompendo na escola en calquera momento do curso e desqualificando publicamente a súa ética profesional.

SOBRE A FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

Tamén neste ámbito a consellería de Educación aplicou a fórmula das restricións e da política de terra queimada.

A finais do mes de xullo decidiu, pola vía dos feitos consumados e sen presentación previa

dalgún modelo alternativo de formación permanente do profesorado, prescindir de vinte e dous asesores dos Centros de Formación e Recursos, e de dous directores (Lugo e Ferrol). Todos eles foron seleccionados por un concurso de méritos regulado no Decreto 99 de 2006, e como consecuencia da avaliación preceptiva trianual, non se lles renova a comisión de servizos, que segundo o Decreto debería durar outros tres cursos. Agás as direccións, o resto das prazas quedarán vacantes.

Esta situación prodúcese no contexto da aparición nalgún medio de prensa dunha confusa información sobre unha denuncia atribuída a un grupo denominado Movemento pola Igualdade no Emprego Público facéndose eco de que “existen moitos asesores na Consellería de Educación, postos a dedo e que non fan nada”. A partir dese momento altos cargos da consellería e o propio presidente do goberno comprométese a adoptar medidas e con carácter inmediato reducen o número de asesores en aras da “austeridade”, no que semella ademais un exercicio de “hixiene” na administración.

Posteriormente algúns medios de comunicación recollen unha nota aclaratoria de cincuenta e sete asesores e directores dos CFR de Galicia, na que se detallan as condicións do nomeamento e algunhas características do seu traballo, para evitar unha confusión, seguramente que interesada, na opinión pública que en ningún momento a propia Consellería tivo interese en clarificar.

Das persoas asesoras non renovadas a maior proporción corresponde ás asesorías de valores, evidenciando que o tema non lle é grato a este equipo da Consellería de Educación, por máis que no traballo que se desenvolve nesas asesorías destacan de xeito moi importante as actividades de todo tipo relacionadas coa convivencia. Velaí o paradoxo: a administración educativa amósase retoricamente preocupada pola aparición de problemas nos centros ou cos menores, que remiten ás eivas na educación en valores e, porén, suprime algunha das vías que permite o asesoramento, a coordinación e a viabilidade de proxectos neste ámbito.

Reducir as estruturas de formación

deteriorará un servizo tan esencial nestes tempos como é a formación permanente, moi especialmente en educación. Alegar que se fai por “austeridade” é unha postura contraditoria coas preocupacións sociais diante da crise económica, pois reduce o emprego (haberá 22 postos de traballo menos) e deteriora un servizo básico, o ensino.

Tamén é conveniente recordar que a formación do profesorado non é un luxo prescindible. Existen institucións con esta finalidade nos países europeos e en todas as Comunidades autónomas; curiosamente foi Galicia a última en instaurala e ten a rede de formación (centros de formación e persoas asesoras) mais reducida. Soamente dende o curso pasado, a redución feita precisamente na Comunidade de Madrid logrou que se puxera ao nivel de Galicia nas estruturas de formación. Non parece descartable ademais un recorte maior.

Tamén en relación coa formación permanente do profesorado esta Consellería suprimiu neste ano a convocatoria de axudas económicas para a realización de actividades de formación organizadas polos movementos de renovación pedagóxica ou polas asociacións e fundacións con fins pedagóxicos. Ata o momento os MRP contaron sempre con estas axudas que, sendo moi insuficientes para lles dar cobertura aos orzamentos das actividades organizadas, propiciaban cando menos que o custo da actividade para o profesorado se mantivese nuns niveis moi asumibles. Os movementos de renovación pedagóxica non contan con persoas “liberadas” que poidan dedicarse á realización do traballo burocrático que, de maneira crecente, a administración educativa esixe para poder sacar adiante as actividades de formación. A subvencións para as actividades de formación é ademais o único concepto polo que, ata agora, os sucesivos equipos da consellería lles axudaban economicamente ás entidades de renovación pedagóxica.

Creemos que o noso papel no ámbito educativo, sustentado na traxectoria dun traballo serio e rigoroso, demanda uns mínimos de recoñecemento e apoio, agás que o que se



pretenda sexa asfixiar economicamente a este tipo de entidades, que exercen un labor crítico, sempre construtivo, na procura dun modelo de escola pública de calidade.

CIRCULAR 8/2009

Nesta circular establécese a posibilidade de creación de aulas, a cargo de profesorado de garda, para atender ao alumnado que teña comportamentos disruptivos. Ou sexa bendícese a posibilidade de que o profesorado prescinda temporalmente do alumnado “molesto” e que sexa atendido por outro profesor. Ata agora os centros tiñan iniciativas de todo tipo; moitos establecían esas aulas, outros tiñan ao profesorado para atender eses casos; pero a medida (sobre todo a da aula) debe de ter un carácter moi extraordinario; e ese xenérico “poderán” que se anuncia na orde, invita tanto a facelo, que en moitos centros tomouse como un mandato o establecemento da aula. E non digamos nos apartados posteriores cando se di que se esa conduta é persistente, contéplase que estea de xeito máis permanente (ata que poida reintegrarse); e iso xa é claramente segregación. Mesmo hai experiencias de alumnado que desexa que o expulsen para coincidir na aula de “castigados” con outros colegas. A liña de educación inclusiva vai xustamente noutra dirección, sen deixar de recoñecer que ás veces se necesitan medidas para reconducir certas situacións. Existen algunhas experiencias moi positivas de corrección de condutas disruptivas con mediación de segundos e ata terceiros profesores e profesoras, pero iso non xustifica que deba ser unha medida asumida

xenericamente pola Administración. Acabará por converter o excepcional e extraordinario, pensado con moito coidado por algún excelente equipo de profesorado, en algo rutineiro, xeneralizado e nun recurso sinxelamente coercitivo e non reflexivo.

A AUSTERIDADE DA CONSELLERÍA

Os recortes en dotacións de profesorado, fundamentalmente no que atinxe aos especialistas de PT e AL, a supresión dalgúns programas concretos de atención á diversidade, como o de atención aos nenos e nenas xitanos; o conflito coas EOI; a anulación ou aprazamento, segundo o caso, das convocatorias mencionadas anteriormente, así como os problemas de prazas nos comedores escolares, entre outras incidencias de calado, propiciaron un complicado comezo de curso, con situacións e conflitos pendentos aínda de se resolver.

A actitude da consellería é negar a maior, rebotando as responsabilidades aos profesionais e aos usuarios do sistema educativo e acusándoos de estaren politizados e pretenderen politizar o ensino. A súa demagogia evidénciase na argumentación con que adoita presentar as súas accións. Bastan dous botóns de mostra:

O cambio de nome da “Rede Galega de Escolas Infantís Galescolas”, agora “Rede de Escolas Infantís de Galicia A Galiña Azul”, foi presentado como un exemplo de desideoloxización imprescindible. Coa nova imaxe corporativa esvaécese, xa que logo, aquel feitizo de adoutramento que tiñan as casiñas coa bandeira galega.

A polémica do nome agocha evidencias que a cidadanía non sempre coñece ou valora, como é a escasa cobertura que foron quen de ofrecer os sucesivos gobernos do Partido Popular, fronte á creación de escolas infantís impulsada polo bipartito nun período moito menor. Apóiase, ademais, nun novo exercicio de desconsideración pública do profesorado e persoal destes centros educativos, hipoteticamente refén do poder político do momento.

Clarificadora a estes efectos resulta tamén a utilización partidaria da web institucional por parte do equipo da Consellería de Educación. Nun estilo inédito e falto dunha elemental perspectiva institucional, algunhas das informacións ofrecidas son unha continuidade, desde a privilexiada óptica do poder, da contenda parlamentaria ou de polémicas coas organizacións representativas dos sectores da comunidade educativa.

Con todo, a política de austeridade non impide subvencionar os colexios privados que segregan en razón do sexo. Neste caso abandónase o criterio de compensación do que se alardea noutras accións, posto que é evidente que non se trata para este caso de “axudar aos que máis o necesitan”. Tampouco a contención do gasto impide investir en publicar as súas accións en campañas como a da enquisa do galego, a gratuidade solidaria ou da imaxe corporativa das escolas infantís.

